


# A PALLOZA

AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS



Algunha vez no estio eu ó teu presentada  
escoito silenciosa mentras a tarde acaba  
baixo das pedras mudas que teu sacreto gardan  
maximo que resoa o brando son dun arpa  
música incomprendible que de outros mundos fala!

*Araceli Latorre de Murguía*



**26**  
LÍNIES

# DES DE BADALONA, L'AUTOBÚS ET PORTA A TOT ARREU

Des de Badalona, tens 26 línies d'autobús (diürn) que et connecten a la xarxa metropolitana de transport i als 18 municipis de l'àrea metropolitana. Comença el teu trajecte amb l'autobús que tinguis més a prop, i segueix-lo amb altres línies o altres modes de transport.

Coneix tot el que t'ofereix el bus a la teva ciutat a:



**AMB Mobilitat**

Disponible a App Store i Google Play



@AMBmobilitat

@tusgsal\_oficial



[www.amb.cat/mobilitat](http://www.amb.cat/mobilitat)

[www.tusgsal.cat](http://www.tusgsal.cat)



@AMBmobilitat

@tusgsal



**TUSGSAL**

[www.tusgsal.cat](http://www.tusgsal.cat)

**AMB: Bus Metropolità**

[www.amb.cat/mobilitat](http://www.amb.cat/mobilitat)

# Sumario

Saúdo da Xunta Directiva  
Saúda Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia  
Saúda Dolors Sabater, alcaldesa de Badalona  
Concello de Santa Comba  
“Ouro Negro”. A mina de Varilongo  
Actuación didáctica: unha actuación diferente  
Letras Galegas 2018  
A entrevista: Ernesto Campos  
O Val das Mouras e Agarimos  
As nosas actuacións  
Galicia nas ondas  
STOP Toallitas  
Jornadas Culturales XXI Aniversario  
Algunhas actividades da entidade  
Breve historia de la gaita gallega  
Recuncho poético  
Pinceladas de humor

# A PALLOZA

Revista Cultural Galega nº21 Xuño 2018



Local social:  
Rúa París 45, baixos  
08913 Badalona (Barcelona)  
acgagarimos@hotmail.com



## Colaboradores:



Amb la col·laboració de:  
 Generalitat de Catalunya  
Departament de Cultura  
Centre de Promoció de la Cultura Popular i Tradicional Catalana



## DIRECCIÓN DA REVISTA

Xunta Directiva A.C.G. Agarimos

## PORTRADA

Núria Alegre

## COORDINACIÓN

Xunta Directiva A.C.G. Agarimos

## FOTOGRAFÍAS

Vicente Maza, Álvaro Roda, Sonia Fernández, Óscar Aragón, José González, Teresa Barreira, Luisa Núñez, Sarbina Míguez, Obradoiro de Gaitas Seivane

## COLABORADORES TEXTOS

Xesús Galán, Héctor González, Meri Rodríguez, Sergio Pérez, David Rodríguez, Ánxela Lago, Víctor de Llanos, José Rivas, Juan Ángel de Llanos

## DESEÑO E MAQUETACIÓN

Núria Alegre

DEPÓSITO LEGAL: B-31.553-05

IMPRESIÓN: Press Line, S.L.

A Agrupación Cultural Galega Agarimos de Badalona non se fai responsable das opinións verquidas na revista A Palloza polos/as seus/súas colaboradores/as.



.....

Harinas y Patatas de churrería

.....

# comercial mintosan<sup>®</sup>

.....

Pol. Ind. Riera del Fonollar  
Calle Guipúscoa, 7 • Nave 13  
08830 Sant Boi de Llobregat, Barcelona

Teléfonos: 936 543 495  
655 964 509  
615 818 409  
605 858 610



**Carnisseria  
HERNANDO**  
**Carns fresques  
i Embotits**  
**Carns gallegues**

Carrer Pau Piferrer, 15.  
08914. BADALONA, BARCELONA  
Tel.: 93 399 09 01

Gràcies per la seva visita



# Saúdo da Xunta Directiva



Iniciamos a andaina neste noso 21º aniversario, reforzando e ampliando as actividades que viñamos realizando, coas que buscamos implicar aos nosos socios e simpatizantes, e así seguir co noso labor de traer Galicia a Badalona e Catalunya.

Participamos con Xuntanza e co centro Asturiano de Barcelona na celebración das Xornadas Culturais e Gastronómicas Astur-Galaicas, levadas a cabo no Centro Asturiano, e entre outras actividades, coa celebración do tradicional concurso de Empanadas; ao devandito evento, quéreselle dar maior amplitud, contando coa participación dalgunha persoa recoñecida no mundo da cultura, comunicación, deporte... E que nos achegue difusión na cidade de Barcelona.

Celebramos o tradicional magosto, aínda que este ano, debido ao dramático verán vivido en todo o norte peninsular, as castañas eran de moi baixa calidade. Por certo que se abriron camiños de colaboración con algunha ONG, para levar a cabo actuacións que axuden a reverter a tolemaia vivida en Galicia con incendios dramáticos, debido á mala planificación na extinción dos mesmos, plantacións monocultivo de eucaliptos, etc.

As actuacións do ano, iniciámolas no Centro Cívic da Salut, coa celebración da actuación Didáctica, na que, con axuda de proxeccións que nos levaban a unha viaxe no tempo, fíxose un percorrido da evolución da música e as festas en Galicia. Empezamos polos cantos nos muíños e nas tarefas habituais, labores no campo, lavado da roupa, etc. e acabando cas más modernas bandas, nas que contan con todo tipo de instrumentos, iso si, onde non pode faltar a nosa gaita. Devandito acto, contou con gran afluencia de público, e con nutrida representación de autoridades da cidade, que participaron dos diferentes bailes e actividades colectivas que levaron a cabo.

Abrimos unha nova etapa na Xunta Directiva, desde onde traballamos para implicar máis os socios e sobretodo á mocidade, porque temos claro que sen eles non hai futuro, e eles como ninguén, dominan os novos tempos: redes sociais, internet,... Ferramentas que temos ao noso alcance para mostrar ao mundo o noso traballo, actuacións, celebracións, etc.

Este ano, coa celebración da nosa festa anual no noso barrio, queremos ampliar e reforzar as relacións coas entidades que forman parte del, agrupadas na Comisión de Cultura, así como co Ajuntament. Todo iso traballando e crecendo en Xuntanza de Catalunya, coas entidades que a forman: Rosalía de Castro de Cornellà, Casa Galega de l'Hospitalet, Amigos de San Froilán de Barcelona, e nós, Agrupación Cultural Galega Agarimos de Badalona.

Seguiremos traballando con ilusión e esperanza, e para iso, contamos coa inestimable axuda dos nosos socios, amigos e patrocinadores. E seguir co noso labor de dar a coñecer, a nosa cultura e tradicións en Badalona, en Catalunya, e coa axuda das novas tecnoloxías, no mundo enteiro.

Como cada ano, solicitamos o saúdo ao Presidente da Generalitat, pero debido á convulsa situación política que estamos a vivir, non pudemos contar con el. Esta situación, pon de relevo o traballo que realizamos desde todas as entidades rexionais a favor da diversidade, a convivencia entre persoas con raíces diversas, e que conformamos unha sociedade plural, diversa e rica.

Agradecemos igualmente o apoio prestado por l'Ajuntament de Badalona, Deputación de Barcelona, Generalitat de Catalunya e Xunta de Galicia.

A Xunta Directiva



Si buscas una escapada  
para este verano...  
¡Consúltanos!, tenemos  
un viaje a tu medida.

Pregunta por Lourdes :)  
[lourdes.castano@viajesbeagle.com](mailto:lourdes.castano@viajesbeagle.com)  
[www.viajesbeagle.com](http://www.viajesbeagle.com)  
Tel: 680 577 037



Viajes Beagle

## Radio Pomar

**La radio de todos y  
para todos...!!**

vive la radio...!!!

Descárgate ya nuestra APP  
para sistemas operativos  
ANDROID y APPLE y escúchanos  
estés donde estés!!!



Avda. Sabadell, s/n. 08915 - Badalona  
Tel. 93 465 77 76 - [www.radiopomar.com](http://www.radiopomar.com)

# Saúdo do Presidente da Xunta para a revista A Palloza da Asociación Galega Agarimos de Badalona



Unha das maiores virtudes que posuímos os galegos é que nunca esquecemos. Alí onde vaimos levamos o noso legado cultural, a nosa memoria, unha pequena Galicia ao lombo coa intención de dala a coñecer, de compartila de facela cada día máis universal...

Non nos esquecemos de ser galegos, podemos ser de calquera lugar onde recalemos sen perder a nosa orixe, sabemos acumular identidades sen problema apostando sempre pola convivencia e a unidade, que é máis forte que a división.

Esa pequena Galicia que construístes na vosa asociación é exemplo do que acabo de dicir, de que ser galego non é incompatible con nada, e de que a nosa cultura, o noso ser, se abre a todo e a todos cun espírito solidario e integrador.

Así, en Badalona, calquera se pode sentir más preto da nosa terra, ou incluso alí mesmo. A música,

o baile, as comidas típicas, a lingua... todo o noso patrimonio cultural disposto con coidado e agarimo para que todo aquel que se achegue poida coñecernos máis e disfrutar da nosa más que proverbial hospitalidade e sentirse como na casa. As actividades que ofrecedes contribúen a que a nosa cultura non esmoreza, perpetuándose xeración tras xeración e siga crecendo coas achegas dos demás. Esta fórmula que sempre nos funcionou, a de sumar e nunca separar, aplicadela á perfección.

Escasas quedan as palabras para agradecervos o voso traballo ilusionado, que áinda que non busque recompensa nin recoñecemento, debedes saber que é admirado e valorado.

Grazas polo voso exemplo e o voso amor a Galicia, un amor que é recibido aquí e ademais recíproco.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente da Xunta de Galicia

# Nuestros Vinos... Nuestras cepas



San Adrián Sacardebois  
32727 Parada de Sil  
Ourense

Adegas  Valcar

Tel. 988 20 82 45  
Mov. 695 690 766  
Fax. 988 20 82 46  
[www.adegasvalcar.com](http://www.adegasvalcar.com)

 **PRESS LINE**  
línea gráfica

Avda. Bon Pastor, 163-165  
Tel. 93 462 64 04  
08930 Sant Adrià de Besós (Barcelona)  
e-mail: [press-line@press-line.net](mailto:press-line@press-line.net)  
[www.press-line.net](http://www.press-line.net)

*Imprimimos de lo más sencillo a lo más sofisticado:*

- Libros.
- Catálogos de producto y arte.
- Revistas.
- Displays y carpetas.
- Cuadripticos, trípticos...
- Pósters.
- Flyers, folletos, buzoneo.



# Cultura gallega, cultura badalonina



Benvolguts/es,

Ho dic arreu: Agarimos és un punt de trobada de badalonins i badalonines nascuts aquí i d'arreu, també i especialment de terres gallegues. Sou una entitat de ciutat en el qual persones que vareu deixar la vostra terra natal, Galícia, heu sabut compartir el vostre amor per la cultura, per la gastronomia i la música amb la resta de persones i col·lectius de la ciutat, participant de les festes conjuntes, implicant-vos en el dia a dia de forma desinteressada i generosa, transmetent l'amor a la terra d'una forma oberta i perpètua amb la terra d'acollida.

Entitats com la vostra són, precisament, les que fan una ciutat com la que tenim avui: plural, cohesionada, energètica, que sap mirar al futur tenint en compte el passat i sobretot vivint el present. I hem de seguir així, amb l'orgull, la força i determinació de saber que la diversitat i la llibertat d'expressió és la millor garantia de futur.

Les múltiples i variades activitats que al llarg de l'any feu a Badalona es manifesten comunicativament amb la revista A Palloza, que tinc el plaer de prologar. A través de les pàgines es poden veure les diferents expressions socials, culturals i gastronòmiques de la vostra terra estimada, per així anar construint un gresol cultural i social, essència de la Badalona actual. Perquè Badalona és una ciutat de drets on tothom hi té cabuda i entre totes i tots construïm aquesta societat plural que ens enriqueix.

Com a alcaldessa de Badalona és una alegria tornar a felicitar-vos per aquests ja vint –i un anys de l'Agrupació Agarimos i expressar el nostre agraiement i reconeixement per la vostra tasca de foment de la cultura i cohesió social que dueu a terme.

Una abraçada cordial,

M. Dolors Sabater Puig

Alcaldessa de Badalona



bar • restaurant

# M&M GOURMET

José Antonio García Blanco

## ESPECIALIDAD EN COCINA GALLEGА:

- Gran Surtido de tapas
- Paellas
- Celebraciones de grupos, cumpleaños, comuniones, cenas de empresa...
- Menús fin de semana
- Menús diarios

Calle Llull, 302 • 08019 Barcelona  
Tel. 934 982 439 • Reservas Tel. 660 068 212



# Concello de Santa Comba

O municipio de Santa Comba pertence á terra de Xallas, que se caracteriza polo seu relevo case chairo con suaves ondulacións. Toda a súa contorna está rodeada de fermosas paraxes naturais, en especial os localizados a beiras do Río Xallas, eixo vertebrador do municipio, que son visitadas polos amantes do sendeirismo e da natureza. Ademais, destacan a Igrexa de Santa Sabiña e a Torre de Randufe.

## SANTA COMBA: DE MEIGA A SANTA POPULAR

A lenda da maior meiga galega que chegou a converterse na patroa das bruxas galegas

Santa Comba fue en su día una temible meiga, pero de las chuchonas o xuxonas, de esas que chupaban la sangre a los niños, robaban ojos para la confeción de pomadas, mataban viejos y echaban alguno que otro mal de ojo. Se dice de ella que en sus años mozos, como avezada bruja, participaba en aquelarres, besando el trasero del macho cabrío, que se daba a la bebida y se abandonaba al fornicio más desenfrenado en las noches de San Juan y San Silvestre hasta que, sin saber muy bien las causas, se arrepiente, abandona esas prácticas, ejercita la penitencia, se convierte al cristianismo y hoy esta considerada la santa popular de las meigas, no reconocida por la iglesia, invocada para protegerse de los demonios, su especialidad. Extracto del libro "Breve historia de la brujería"

O municipio de Santa Comba homenaxeoa ao seu patrón San Pedro, e mesmo a San Cristobal, pero non ten ningunha celebración para a "Santa" que dá nome á localidade e cuxa estatua preside a rotonda principal do pobo, paso obrigado para todos os que dende a Costa da Morte e viceversa, diríxense á capital de Galicia, Santiago de Compostela.

A pesar de darlle nome ao municipio, Santa Comba permaneceu no total esquecemento dos seus habitantes ata que en 1996 o goberno municipal do momento decidiu construír unha rotonda para a regulación do tráfico. Esta estaría presidida pola imaxe da popular "Santa", chamada Comba, da cal no municipio non había ningún precedente, nin unha soa imaxe, polo que había que poñerlle trazos e características.





Para iso recorreuuse ao obradoiro de pedra Castelo, especialistas en arte popular galego con esculturas, réplicas, restauracións e todo tipo de tallado de cantería e arte popular repartido por países como Arxentina, Alemaña, Suíza, México ou Portugal. As indicacións dadas desde o Concello ao artista inspiráronse nos estudos realizados polos prestixiosos investigadores Allyson M. Poska e Jesús Callejo.

Así naceu unha imaxe realizada en granito de catro metros de altura (dous metros do pedestal e outros dous da propia imaxe). Na súa elaboración tentouse destacar o punto de vista relixioso, cuns trazos faciais da beleza típica das virxes, así como símbolos propiamente cristiáns como a palmeira e a pomba. A escultura custou uns dous millóns das antigas pesetas, incluída dentro dun proxecto, considerado naquel entón moi necesario, que ascendeu a uns trece millóns de pesetas (uns 78.000 euros).

Santa Comba forma parte dos santos/as que chegaron á santidade polo “camiño da man esquerda”, seres que se rexeneraron, convertéronse, viron a luz, e do grupo dos santos/as que antes foron bruxos/as.

A tradición afirma que unha santa galega, Santa Comba, foi no seu día unha temible meiga, pero das “chuchonas” ou “xuxonas”, desas que chupaban o sangue aos nenos, roubaban ollos para a confeción de pomadas, mataban vellos e botaban algúm

que outro mal de ollo. E xa ven por onde, un bo día transformou radicalmente os seus hábitos gastronómicos, de vida e de vestiario, de tal maneira que hoxe é considerada, como non podía ser menos, a santa popular das meigas.

Santa Comba é a galeguización de Santa Columba, unha francesa que morreu no século II en loor de santidade e da que apenas se sabe nada, e menos que fose bruxa. A veneración de Santa Comba está datada na Idade Media, e o seu culto podería ser unha combinación de adoración a dúas virxes mártires, a xa indicada Columba francesa, de Sens, e a Columba española, de Córdoba.

Pero Santa Comba, en Galicia, convértese en toda unha santa aclamada popularmente porque se di dela que nos seus anos mozos participaba activamente nos aquelarres que se celebraban en diversos areais e praias, nos que, Santa Comba, como avezada bruxa, “bicaba o traseiro ao macho cabrío, dábase á bebida e abandonábase ao fornicio más desenfreado nas noites de San Xoán e de San Silvestre” ata que, sen saber moi ben as causas, arrepíntese, abandona estas prácticas, exercita a penitencia, convértese ao cristianismo e hoxe é unha santa popular, non recoñecida pola igrexa, invocada para protexerse dos demos, a súa especialidade. A lenda tamén conta que a súa conversión ao cristianismo produciuse despois de atoparse con Xesucristo nun camiño galego.

En compensación, outro santo está considerado como patrón dos bruxos e bruxas, non é outro que San Cibrián ou San Cibrán, que, como Santa Comba, foi bruxo primeiro e elevado aos altares despois.

A partir dese momento apareceu unha clase especial de curandeiros que invocaban a Santa Com-



ba e San Cibrán para realizar as súas sanacións “do meigallo ou do feitizo”. Nun dos seus esconxuros, a modo de exemplo, dí o seguinte: “Abernuncio us pasteco con espírito túas e de laboratorios sanates cues xunto Nazareno, Fillo da Virxe María, quita ou teu pauto do corpo dá feiticeira”.

San Luciano, San Marciano, Santa Comba e San Cipriano non son casos illados de persoas que transforman as súas vidas de maneira tan radical. De Geberto d' Aurillac, antes de chegar a ser o papa Silvestre II, cóntase que coqueteou coa maxia e foi un bruxo versado nas mellores artes da especialidade, e que como tal, tiña trato co demo.

Precisamente polos seus poderes e polo seu pasado, a igrexa non accedeu a situar á venerada Santa Comba na galería de santos, pero hoxe é unha santa popular, que lle dá nome á localidade, xentilicio aos seus veciños (xalleiros ou santacombeiros), preside a entrada ao pobo e loce maxestosa e orgullosa sobre unha zona axardinada que enlaza as estradas más importantes da comarca, e que como Neptuno ou a Cibeles é lugar de celebracións dos éxitos deportivos de clubs locais.

## IRMANDAMENTOS

Santa Comba está irmandada co concello de Río de Janeiro (Brasil). Esta importante urbe de América Latina, é unha das más famosas do mundo, foi destino de moitos xalleiros que foron buscando riqueza na emigración. Na actualidade, e segundo datos oficiais, están censados en Brasil máis de 1.272 veciños de Santa Comba, residindo a maioría deles en Río de Janeiro. Pero a colonia de xalleiros nesta cidade calcúllase que pode estar entorno ás 4000 persoas incluíndo os descendentes nados na propia cidade.



## NON FALTEDES AS FESTAS DE SANTA COMBA:

### Feira-Exposición de Gando Cabalar

Santa Comba - 1ª fin de semana de xuño

### Festas Patronais de San Pedro

Santa Comba - 29/06 - 01/07

As festas más importantes de Santa Comba son as de San Pedro, que se celebran a partir do 29 de xuño. As mellores orquestras de Galicia animan a verbena nas noites más longas do ano. Un dos días celébrase o Festival da Canción do Xallas.

### Festas de San Pedro

Castriz - 28/06 - 29/06

### Festa da Virxe do Carme

Santa Sabiña - 16/07

### Festa de San Cristovo

Santa Comba - 29/07 - 30/07

### Romaría da Nosa Señora

Vilamaior - 15/08

### Festa de San Bartolomeu

Santa Sabiña - 23/08

### Concurso Galego de Gando de Raza Frisoa

Santa Comba - Sen data fixa

### Feira de Santa Cormba

Santa Comba celebra importantes feiras o sábado anterior ao primeiro domingo de mes e o luns seguinte ao segundo e terceiro domingo de mes. As súas orixes datan de principios do século XIX e é tal a importancia do comercio xalleiro que chegou a haber feiras en varios lugares do municipio. Na actualidade, no Campo da Feira construído a principios do século XX poderanse comprar todos os produtos alimenticios, agrícolas e gandeiros da zona.



Santa Comba está considerado como o centro mineiro da antigüidade de maior importancia e transcendencia no comercio mediterráneo e atlántico.

Aínda que a máis coñecida e popular é a mina de Varilongo, nos anos 40 e 50 traballáronse neste municipio máis de 10 minas que ningúen se preocupou de estudar nunha perspectiva histórica, xa que non existían como tales e so se explotaban con permiso de investigación

(calicateo) evitando impuestos, deslindes, declaracíons oficiais e aumentando o contrabando e os ingresos.

Aínda hoxe en día las informacíons sobre estas son moi limitadas pero recórdanse, entre outras, as de estño, casiterita, titanio, rutilio e outros minerais, sobre todo no río Abuín ao lado do castro de Freixeiro, Portomedal, Vilamaior, A Pereira, Rieiro-Arantón, Bazar e a de Ventsa, a de maior importancia pola súa rentabilidade.

# “Ouro Negro”. A Mina de Varilongo

## AS MINAS DE VARILONGO. ENCLAVE ESTRATÉXICO NA 2<sup>a</sup> GUERRA MUNDIAL



**N**un momento de máxima miseria na historia do pobo descóbrense as minas de Varilongo. D. Celestino Lema Castro, párroco de Padreiro nos anos 30 e 40, describia aos feligreses no libro de Contas da seguinte forma: “A maior parte dos feligreses estaban debendo diñeiro en Santa Comba, as casas eran todas case como chozas, a xente vivía miseramente, comían mal, as camas como pocilgas, en vez de colchón ou xergón, tiña un pouco de palla e xestas, sen sabas, como moito unha por debaixo, de lino áspero, que facían por aquí nos teares de aldeas, vestían pobemente, etc.”

Pero neste en 1941 produciuse un achado que cambiaría a vida dos xalleiros, un depósito de volframio de oito km de longo e un de ancho, en Varilongo, a 8 Km da capital municipal. Unha pedra deste mineral que cabía nun puño, podía representar para o seu dono meses de traballo na terra ou coidando o gando, nun tempo no que o quilo de volframio custaba 200 pesetas e o xornal dun obreiro era de 19 pesetas, o que veu a determinar que desde ese intre se coñecese o novo mineral como “Ouro negro”.

A xente adicouse masivamente a mina na que chegaron a traballar preto de 4.000 persoas procedentes de toda España, tanto oficialmente como de contrabando, coñecido como “A

roubeta". A lenda di que había tantos cartos que os cigarrillos encendíanse con billetes de mil pesetas.

Nun principio o mineral era explotado e vendido libremente pola xente ata 1943 cando o cura de Cances e os Abelenda de Carballo denunciaron a situación á Xefatura de Minas. José Parga Moure mercou a explotación pero non foi capaz de controlala situación e asociouse o grupo Fierros de Madrid que pasou a dirixi-la mina co 51% do capital. Coa chegada da segunda guerra mundial Santa Comba foi enclave estratégico, xa que Alemaña necesitaba o mineral para endurece-lo aceiro dos carros de combate, que en momentos de loita armada quería atopalo en Europa e non ir a lugares como China ou Birmania. Entón Hitler pediulle permiso a Franco para explota-la mina cobrando así parte da axuda prestada durante a Guerra Civil. A partir dese intre, das minas de Varilongo saíra o wolframio necesario para a construcción da artillería pesada do exercito nazi e as Panzers, divisións do Tercer Reich Alemán, material que se lle vendía oficialmente o exercito de Hitler, e de forma non oficial aos ingleses, que non o necesitaban, pero o compraban dentro da estratexia militar de deixar sen existencias aos alemáns.

Unha vez rematada a guerra baixou a demanda e estabilizouse coas ventas de wolframio que necesitaban os americanos para a Guerra de Corea (1950-1953). Nos anos 50 vaise profesionalizando a situación, diminúen os accidentes e o nivel de vida comeza a mellorar, pero co fin desta guerra e coa regularización dos grandes produtores comeza a definitiva decadencia da minería do wolframio. Péchase así unha etapa da historia de Galicia na que o nome de Santa Comba era coñecido nas chancelerías de toda Europa.



A maior producción da mina concéntrase entre os anos 1948 e 1963. Entre o 1967 e 1981 redúcese o número de traballadores de 1.700 a 115 e a sociedade pasou a chamarse Grupo Minero de Santa Comba. Na transición do ano 1973 ó 1974 o Grupo Fierros mercou a Parga a súa parte por 18 millóns de pesetas e pasou a explotala ata o ano 1980. No 1981 foi vendida ó Banco Nacional de París, e posteriormente Coparex Minera trabállaa ata o seu peche definitivo en 1985 cando contaba con 290 operarios. Despois de estar pechada, en 1988 volve a ser mercada, neste caso por Miguel Jiménez Barbero, que pagou por ela 26 millóns de pesetas comezando a súa explotación como canteira. Pouco tempo despois, en 1991 Eliseo Mourelle comprou a concesión coa intención de explotala tamén como canteira co nome de Canteira da Mina. A comezos do 2000 o Concello de Santa Comba compra a Miguel Jiménez Barbero o edificio principal e os terreos anexos para restaurala e instalar alí servizos municipais. A restauración de parte das instalacións desenvolvéronse a través de Obradoiros de Emprego subvencionados pola Xunta de Galicia,

pero de momento carecen de contido. Outra parte das instalacións están sendo explotadas por empresas privadas do sector de areas, pedras e gravas.



O que parece ser o novo "boom" do wolframio e a súa utilización para fabricación de novas tecnoloxías levou a que, de forma permanente, e dende fai uns dez anos, haxa rumores dunha nova apertura das instalacións. A pesar de que, con maior ou menor consistencia, houbo proxectos empresariais interesados e estudios técnicos na zona, nunca se chegou a realizar un proxecto claro, de consistencia e de futuro para unha nova apertura e creación de emprego.



REVESTIMIENTOS  
PERFILADOS  
DECORATIV

Agilidad



Ahorre hasta un **35%** de la factura de la luz, su aparato de **frío/calor** trabajará menos tanto en verano como en invierno.





**XAVIER CAPMANY**  
Làmines de Protecció Solar

C/. Diputació, 279, 1<sup>a</sup> planta  
08007 Barcelona



**646 757 019**



[www.espectral.es](http://www.espectral.es)



xaviercapmany@gmail.com

**Láminas Deslumbramiento**

**Láminas anti-decoloración**

**Láminas para eliminar calor**

**Láminas antigraffiti**

*Eliminación de graffitis y rayadas en cristales*

*Láminas anti-decoloración*


Eliminación de **graffitis y rayas** e instalación de láminas **anti-vandálicas** totalmente transparentes con un coste mínimo.



Eliminación del **99%** de los rayos UVA que decoloran los productos expuestos.



**Profesionalidad**



# *Actuación didáctica: unha actuación diferente*

“Bon dia senyores i senyors, nois i noies, damas e cabaleiros...”.

Así comezaba un espacio de dúas horas refogado por varios temas sobre o noso folclore galego nunha tarde de Xaneiro.

Estábamos todos expectantes tras probas e ensaios, á espera de encher o espacio de actos do Centro Cívico de Badalona, con medos e nerviosismo de que todo saíra o mellor posible para poder amosar e acercar un pouco a nosa cultura vocal, musical e mais danzable.



Unha vez apagadas as luces, o escenario quedou cuberto polo resplandor un candil, tras o que chegaban os corpos cansos e curtidos dos mineiros que nos ían dar a lección de como se traballaba e o que se comentaba nas minas de Varilongo.

Xa entrados na escenificación, facendo referencia ó instrumento máis importante e antigo que temos, a voz, chegaron as panadeiras polas rúas de San Xoán, a traernos os “cotilleos” más “fariñentos” e coquetos á vez que pasaban polas cabezas no momento.

Ante esta representación inicial da voz, o xénero máis común que temos en Galicia, que nos trae ó recordo tódolos oficios da contorna, dende panadeiros, muiñeiros, mineiros ou mesmo labregos. Nestes traballos coma en todos, os descansos que se facían ou a xuntanza o que provocaba era una diversión cantada ou danzada, na que se falaba do traballo, do suor das frontes de cada quen

ou mesmo dos problemas ou logros que se acadaban por quen os cantaban. A xente recorría á tradición oral de antergos trasladada á descendencia e mesmo ata os nosos días como podedes ver.

Cambiando de terzo, seguimos mostrando un anaco moi pequeno, pequenas pinceladas do que podíamos reunir en escasas dúas horas, traendo o baile, con puntos traídos da provincia de Ourense, danzas de labregos post-traballo, ou mesmo de bailes nos que os nosos maiores bailaban de gala nas festas do pobo, do lugar ou do santo.

Cada provincia tiña os seus xeitos, polo que resultábanos imposible contemplar cada un de todo o abanico que podemos despregar da nosa tradición, que en días actuais, gracias a moitas persoas que se adican ou que gardan parte do seu tempo, conseguén gravar, recoller ou mesmo aprender de grandes persoas que actualmente o reteñen nos seus cansados ollos, brazos ou perniñas xa repousadas.



Tamén queríamos ter nos nosos minutos de gloria un repouso para os más pequenos. Daquela trouxemos un pequeno xogo, “O Gharutiño” para os más pequenos. Daque-



las non contaban coas consolas máis modernas do mercado, nin tampouco da tan común televisión actual polo que os rapaces argallaban con paus e restos de chatarra que podían topar pola casa ou polas rúas con que pasa-lo tempo. Neste caso orientado á nosa tradición traemos o recordo dun baile no que nun corro os nenos cercan ó que mais tarde chega, berrándolle con bonitas coplas que había que ser mais espabilado pero aínda chegando tarde había de escoller parella. No momento que a copla para o rezagado, arráncase a moza mais bonita do lugar para botarlle un agarrado e dar envexa ó resto, no que aproveitando cada quen recolle una parella e comezan a bailar.

Nos nosos días isto é impensable, a menos que saiamos polos locais nocturnos nos que a xuventude de tódalas idades saen para desconectar da semana laboral ou estudiantil, que os nenos se arrancaran nas prazas das vilas a bailar para pasar o tempo ata que non había más que caer rendidos na cama.

Xa pasando o ecuador da nosa didáctica, chegamos a parte máis musical, na que por sorte actualmente temos una boa representación bastante copiosa cos rapaces e non tan rapaces de raíces galegas que seguen a tantos e tantos quilómetros coas saudades da diáspora dos seus país, avós ou mesmo membros más lonxeños que deixaron morriña nos más novos da casa.

Con isto damos paso a un recorrido moi livián de como os gaiteiros eran a gran atracción da época, na que as festas sen eles non eran festas. Entrando polo escenario temos a dúas xeracións da nosa casa Agarimos, a un dos más veteranos á gaita xunto co más novo da casa ó tambor. Unha vez explicada un pouco a gracia dos gaiteiros e tamén a súa gran estima na xente, vamos engadindo membros o escenario, no cal se van incluíndo clarinete, saxo, bombo, pandeireta e más instrumentos que o gaiteiro levaba con el para conseguir os cuartetos e mesmo o concepto de banda ou charanga.

Neste momento o público está inmerso nunha contextualización de como naqueles tempos a xente en vez de o “reggaeton” actual ou mesmo os grandes festivais que temos o arredor de nós na actualidade, movíase a ver a estas agrupacións polas vilas contiguas onde vivían, de tal maneira que as festas eran visitas obligadas non só por temas familiares, senón para ver os éxitos do momento e mesmo para relacionarse socialmente.

Para finalizar adentrámonos no concepto de banda como tal, concepto no que actualmente os membros da asociación estamos inmersos para poder espallar a todos os sitios onde nos queiran. Como agrupación contamos coa percusión conformada por tambores, pandeiretas e bombo, engadindo percusiones tradicionais en certos temas arranxados para darré variadade e amosar a evolución do noso instrumento e a forma de amosar a música. Como non as gaitas son elementos indispensables, nos que mediante dúas cordas levamos adiante as melodías mais xeitonas para que a xente siga tendo patente a música e tradición galegas.

Tras este recorrido, como comezaba, pola tradición oral, musical e mais bailable, damos fin a más de dúas horas de caras expectantes, risas e entretenimento na xente que nos acompañou aquela tarde. Esperamos que se repita e intentaremos facelo onde nos sexa posible para que os galegos que estamos más lonxe da nosa terriña teñamos unha tarde de evasión para sentirnos máis cerca.





O. Plaza



**Actuación didáctica**

27 ENERO 2018  
18:30 • CENTRE CÍVIC LA SALUT  
AVDA. DEL MARQUÉS DE SANT MIGÜÉL, S/N, BADALONA  
ENTRADA GRATUITA

Colabora:  
 Ayuntamiento de Badalona

Organiza:  
 AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA GARIBOS BADALONA





# ASSESSORIA VENTURA VENTURA ASSEGURANCES

FISCAL · LABORAL · SEGUROS · CONTABILIDADES · HERENCIAS · APERTURAS

PROMOCIÓN ESPECIAL PARA SOCIOS Y SIMPATIZANTES DE  
AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS  
*Descuento de 10%, 15% y 20% en TODOS NUESTRO SEGUROS*

HORARIO: Mañanas de Lunes a Viernes de 9h a 14h

Tardes de Martes y Jueves de 16h a 20h

Avda. Marqués de Sant Mori, 97 baixos  
C.P. 08913 - BADALONA

Fiscal: [mmorant@assventura.es](mailto:mmorant@assventura.es)  
Laboral: [smanzano@assventura.es](mailto:smanzano@assventura.es)  
Seguros: [seguro@assventura.es](mailto:seguro@assventura.es)

Tel. 93 399 32 11  
Fax. 93 399 43 05



RESTAURANTE - BRASERÍA



ESPECIALIDAD EN JAMÓN DE BELLOTA  
CARNES A LA BRASA  
PULPO GALLEGO  
COCIDOS  
PESCADOS Y MARISCOS FRESCOS



C/ Maragall, 9  
08930 Sant Adrià de Besòs  
Barcelona

93 381 07 21

# Letras Galegas 2018

Este ano 2018 o 17 de maio, día das Letras Galegas, dedicouse á profesora e escritora María Vitoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 – Pontevedra, 2005). É a cuarta muller á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, sendo as súas predecesoras Rosalía De Castro (1963), Francisca Herrera Gárrido (1987) e María Mariño (2007). Moreno, Licenciada en Filoloxía Románica en Madrid, chega a Galicia en 1963 e, segundo as súas propias palabras, adopta o idioma galego como propio por sentir pola nosa lingua verdadeiro amor.

María Vitoria Moreno, dedicou a súa vida á docencia, por unha banda en clases oficiais de literatura e lingua española no ensino secundario, e, por outra, en clases gratuítas e semiclandestinas en Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e no Ateneo de Ourense. Estas últimas provocan que en 1975 retíreselle o pasaporte xa que o Ateneo de Ourense considerábase que estaba gobernado por dirixentes subversivos.

Foi autora de libros de texto de Literatura Galega de secundaria, ademais de impartir cursos para docentes sobre literatura Galega. Outro terreo no que destaca a nosa galardoada foi a tradución, ademais de ser codirectora da colección infantil de Galaxia. Outra forma de difundir a nosa lingua e cultura foi a creación de Xuntanza, librería creada en 1968 xunto con outros intelectuais.



Moreno destaca por encima doutros ámbitos, na literatura infantil e xuvenil pero tamén en narrativa, ensaios e estudos de didáctica da lingua e literatura Galegas. A súa primeira obra en galego, publicada en 1973, foi *Mar adiante*. Coa súa obra *Crarisa e ou luceiro* foi galardoada co segundo premio do Concurso Nacional de Contos Infantis do Facho, o que converteu á autora nunha pioneira na narración dedicada ao público infantil e xuvenil.

A súa producción *Leonardo e vos fontaneiros*, publicada en 1986, recibiu o terceiro premio O Barco de Vapor. En 1989 publicase outra das súas obras, *Anagnórise*, que recibiu moi boa aceptación da Organización Internacional para o Libro Xuvenil. Dez anos máis tarde destaca a súa historia *Gedellas de seda e liño*, coa que se acerca de novo ao público xuvenil.

Foi unha persoa activa tanto na vida cultural e política de Galicia, sendo ademais finalista do Premio Café Xixón e obtivo o primeiro premio dos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães co relato *A casa das Mariás*. En 2004 a editorial Xerais publicará *Diario dá luz e a sombra* onde a autora deixa escrita a súa experiencia confrontándose á enfermidade que a vencería o 21 de novembro de 2005.

# A entrevista: Ernesto Campos

## Cando comeza a túa afección pola música?

Son un músico tardío. Esta paixón naceu o verán que cumplín catorce anos. Antes desa data non só non amosei interese senón que algún día ata cheguei a odiala. A miña paixón era o debuxo e lembro que -antes de cumplir os catorce- os sábados botaban “a panteira rosa” pola mañá. Antes diso, tiñas que “tragarte” o programa El mundo de la música que consideraba un auténtico tostonazo. E non había posibilidade de ver outra cousa. Daquela só había dúas canles e na miña casa só collíamos a primeira cadea.

Un deses días, este programa, non sei se por un retraso ou algo semeillante, saíu unha señora tocando a arpa. E cando parecía que ía rematar... volvía a empezar!! Eu vendo o reloxo cada vez más anoxado, porque a esa hora xa tiñan que botar os debuxos. E ao final non os botaron por culpa da maldita música. Realmente, dende aquel día podo dicir que a cheguei a odiar!

E cos catorce recén cumplidos, a cousa cambiou. Foron varios factores casi simultáneos que fixeron que me namorase da música para sempre:

O primeiro factor foi unha conversa que tiven cun querido mestre da escola que deixaba, excelente pintor -e a primeira persoa que ao saber que lía comics prestoume o primeiro libro “sen debuxos” que lín na miña vida-: Antonio Félix, que asinaba os seus cadros como Afesán. Un día fíxenlle saber que quería ser debuxante, e ao confesarlle que só debuxaba con bolígrafo, respondeume

que un verdadeiro artista só debuxaba con lápis. Para mí iso era Palabra de Deus, pero presentaba un problema: entre as numerosas manías que tiña (aínda conservo unhas cantas) destacaba a aversión polo son do lápis ao rañar no papel.

Para tratar de solucionalo, un día paséi polo quiosco do señor Benjamín e lle pedín un fascículo “desea de música clásica” que traía unha cassette. Funcionou ben porque a música non me distraía e aminoraba a dentea que me daba o son do lápis. Así que seguín mercando ese material e ás veces -cada vez más frecuentemente- descubríame deixando de debuxar para atender aos sons que saían polo reproductor. Outra destas coleccións viña cun libro divulgativo: Introducción a la música, de Otto Karolyi -aínda se pode atopar hoxe en día- que espertou todavía más a miña curiosidade.

O segundo factor foi por culpa do crego do meu barrio. A miña familia sempre estivo moi implicada coa Igrexa de Sampaio, e este sacerdote -Don Ángel- (perdínlle a pista, xa que pouco máis tarde colgou a sotana e casou) que tiña unha voz de barítono moi boa, montou un pequeno coro -no que me integrei- para a misa de Nadal. E algo veu en mí porque un día, sen comelo eu nin bebelo, achegouse a mí, díxome: “Ti vales para isto”, e acto seguido sentoume ao órgano e ensinoume un par de acordes, á vez que me deu un libraco enorme de solfeo e empezou a darme clases. Con esos acordes rudimentarios, eu lle daba o tono e empecei a acompañalo nas súas misas.

**Ernesto Campos**  
(Vigo, 1966)



Músico de vocación tardía, empezou a súa andadura no conservatorio de música de Vigo, onde estudou, entre outras disciplinas, gaita galega e guitarra. Intérprete, arranxista e compositor, unha boa parte da súa música foi gravada en máis de 30 traballos discográficos por artistas e grupos da talla de Xosé Luis Miguélez, Susana Seivane e Xosé Manuel Budiño.

Actualmente é mestre de gaita e guitarra e no conservatorio Mayeusis, de Vigo. Como compositor ten un catálogo que supera as 190 obras, a maioría delas centrándose nos instrumentos tradicionais galegos. Este traballo ten o seu reflexo en máis de 30 discos editados por diversos artistas do panorama musical actual e na inclusión das súas obras como repertorio de diversas agrupacións actuais.

Cando marchou, o seu sucesor, Agustín Sobral, organista e director do coro da Catedral de Tui, permitiúme seguir acompañándoo, iso si, eu lle daba o tono e cantaba él, porque eu nin abría o bico por un complexo de mala voz que aínda me segue a acompañar hoxe en día. Creo que esa experiencia -realizada ata que casei con 27 anos- foi a que me deu a facilidade para armonizar melodías. De feito, algunha vez, ao rematar a misa, Agustín chamábamé á sacristía e me preguntaba que raio de acordes metiches en tal canción? e eu contestáballe que nin me lembra, que metía os acordes que me saían no momento.

Outro factor – sempre simultáneo aos outros- foi que un amigo da pandilla do barrio andaba a fedellar nunha frauta escolar, e cando descubrín que iso de dó-re-mi-fa-sol non era unha canción, senón notas que se as combinabas podías tocar cousas, e sobre todo inventar outras, dinlle a lata aos meus pais para que me devolveran unha frauta de plástico que eu sabía que tiñan gardada hai anos porque lamentaron o día que a trouxeron a casa e eu a utilizaba como silbato, simplemente soprando por ela.

E na casa había unha guitarra na que rañaba o meu irmán maior. Ante a súa negativa a ensinarme -normal con catro anos de diferença de idade- púxenme a fozar con ela. Sentaba na cama, a deitaba no meu colo cos trastes boca arriba e intentaba sacar melodías desprazando o pulgar da man esquerda por unha corda, na posición menos guitarrística posible. Logo descubrílle un par de libros sobre o instrumento e tratei de descifrar todo aquel xeroglífico con más ou menos boa fortuna.

E esa é a grandes rasgos a historia dos meus inicios, tendo como tónica xeral unha verba que espero me acompañe toda a vida: a bendita curiosidade.

**En relación a esta ultima pregunta, sabemos que tocas varios instrumentos, como a gaita e a guitarra, pero por cal che decantas?**

Por ambas. É imposible desvincularme deses dous instrumentos. E aínda que oriento máis a guitarra como intérprete e a gaita como compositor -sempre fun un gaiteiro máis de romaría que de conservatorio-, encántame escribir para guitarra (igual debería facelo máis, pero para guitarra xa hai moitísima literatura) e tocar a gaita.

**Que faceta che atrae máis, a de intérprete, a de compositor, ou a de mestre?**

Non existe unha boa resposta para iso. É como preguntar a quen queres más, ao teu pai ou á túa nai:

O que me gusta como autor e que o único que preciso é estar só, concentrado, e encántame ver que outros músicos tocan o que escribo.

Como intérprete reconózeo que o paso estupendamente sobre as táboas, e se o público ademáis tamén o pasa ben, o disfrute é moito maior.

Como mestre a experiencia de transmitir o que sabes a outra xente faime sentir realizado. Quizás doadamente porque os meus inicios, como contei antes, foron autodidactas sen ter ningún tipo de apoio ou asesoramento, ata que entrei no conservatorio aos dazaseis. Pero non hai maior premio que ver como un dos teus alumnos triunfa. Iso é impagable.

**Unha das túas facetas que persoalmente me gustaría resaltar é a de compositor, moi recoñecida, que ademais conta cun extenso número de pezas para gaita. Teño tres preguntas: que necesita Ernesto Campos para sentar a compoñer? Que peza gardas con especial agarimo? E por último, que peza esperas compoñer nun futuro?**

Para sentar a compoñer ... pois descubrín que ás veces non e preciso nin sentar! Explícome: Hai uns anos, unha avaría importante do coche obrigoume a ir ao traballo no bus urbán. E ademáis, como non vivo no centro, estaba obrigado a facer transbordo. Iso implicaba varios minutos agardando nas paradas, tanto de ida como de volta e aínda que me quedaba a alternativa de fedellar no móvil tampouco me facía demasiada ilusión andar pegado á pantalla. Un deses días merquei nun quiosco un bloc de notas en branco, fíxenlle uns pentagramas cun aparello que teño e o gardaba no peto traseiro do pantalón. Dinme conta de que funcionaba, que podía escribir música de pé, na parada e mesmo indo no bus, tendo a idea clara do que ía escribir e aproveitando as detencións (semáforos e paradas) para escribilo. E aínda que o coche xa está arranxado, aínda me movo en bus nunha parte do recorrido e aproveito o tempo deste xeito.

Tamén me encanta facelo en calquera lugar onde poda escribir, no monte cando salgo coa cadelha, e ata nun café -sempre que non poñan música de fondo-.

E no resto das ocasións, pois o que preciso é iso: un bolígrafo e un papel pautado. Non creo na inspiración senón no traballo. Pero por suposto iso é só para ideas e melodías. Logo preciso dun instrumento polifónico como o piano ou a guitarra para darlle forma e armonizalo ao meu gusto. E para rematar, dixitalizalo. Nunca compoño no computador. Fíxeno fai anos e non me gustou nen o proceso nin o resultado.

Sobre as pezas que gardo con especial agarimo, non sabería dicir. Quizais o que gardo con agarimo poden ser certas interpretacións, tanto miñas como de outros ou se a peza está dedicada a alguén a quem aprecio como a Rumba para Susi, dedicada á miña muller ou a Marcha do San Martiño que foi a marcha nupcial para o meu compaño e amigo Marcos Campos e á súa dona, Elena. Pero nestes -e noutras casas- prima máis a emoción de para qué -ou para que- é que a música en si mesma.



**Poderíasnos contar en que proxectos andas traballando ultimamente, e os próximos?**

Claro. Xusto nestes momentos estou a traballar en algo que cando se publique esta entrevista estará xa interpretado: No conservatorio Mayeusis, onde traballo, todas as primaveras organizamos un concerto benéfico en prol de Unicef. Este ano decidimos montar unha zarzuela galega: A lenda de Montelongo. Un dos problemas que atopamos é que hai moita más parte teatral (falada) que musical (cantada). Así que propuxen encargarme de poñer música a algunas das partes faladas e convertilas en cancións.

Paralelamente estou a escribir pezas -como non-para gaita. O que ocorre é que empezo varios traballos simultáneamente e os vou rematando case do mesmo xeito.

Como intérprete estou a gravar o que será o primeiro disco do meu trío Pelica de Can, con Leni Pérez e Marcos Campos.

E tamén como intérprete, desta vez como gaiteiro, estou a aprender os temas da banda de gaitas Xarabal para formar parte dela, non só como arranxista, que é a tarefa que desempeño actualmente neste colectivo.

E no futuro, ademáis de seguir escribindo teño un proxecto en mente: despois de que o meu grupo Crema de Gaita se disolvera por unha crise irresoluble, teño a intención de regresar aos escenarios co meu nome, cun proxecto que non pretendo que sexa nada innovador ou espectacular: tan só compartir co público o meu traballo.

**Para rematar, que consello lle darías a todo aquel que queira empezar no mundo da gaita, ou da música en xeral?**

Da gaita, da música, ou de calquera disciplina -sexa artística ou non-, o meu consello son soamente as tres palabras máxicas: Curiosidade, traballo e constancia.



Pan Artesano  
Empanadas  
Bicas  
Tartas  
Roscones...

Todos nuestros productos  
son artesanos y de  
elaboración propia

Hacemos reparto a  
tiendas y restaurantes



**PANADERÍA**

**A GALEGA**

Para encargos

Tel. 93 777 80 29

C/ Baix, 46 Esparraguera

# O Val das Mouras e Agarimos



